

Precisas intérpretes profesionais?


É posible que no teu traballo prestes axuda a poboación estranxeira de múltiples orixes que fale linguas diversas. Para superares a barreira lingüística, poida que tiveses a axuda de colegas ou persoal voluntario da túa organización que fale idiomas, que te servises de familiares ou amizades da persoa usuaria ou mesmo que vos comunicásedes usando unha terceira lingua compartida ou un tradutor automático. Pero, é dabondo? É o máis axeitado en todas as circunstancias?

Son moitas as situacións en que ás persoas usuarias lles asiste o dereito a contar con intérpretes profesionais. En calquera entrevista ou sesión de traballo de cuxo resultado dependa a concesión de dereitos, o acceso a recursos oficiais ou a inclusión destas persoas en programas que faciliten ou melloren a súa integración social, inserción laboral ou situación económica, deberían intervir intérpretes profesionais. O mesmo cabe esperar cando se traten aspectos vinculados á súa integridade persoal e á súa saúde física ou emocional.

Contar con intérpretes profesionais mellora a calidade do encontro comunicativo e garante que o persoal da organización e as persoas usuarias poidan expresarse eficazmente na súa propia lingua.

Como e onde conseguir intérpretes profesionais

Ademais de recorrer a empresas especializadas, unha boa maneira de contactar con intérpretes é acudindo ás súas asociacións profesionais, consultando os directorios oficiais ou contactando con centros que ofrezan formación universitaria en interpretación.



Contacto:
www.melinco.webs.uvigo.es
melinco@uvigo.es

Preguntas frecuentes

A organización/proxecto en que traballo non conta con orzamento para servizos lingüísticos. Que podo facer?

Cando se solicita financiamento externo para proxectos con poboación estranxeira é importante orzar unha partida destinada a tradución e interpretación para asegurar a calidade do servizo. Se non é o caso, poderíase establecer un protocolo para recorrer a lingüistas profesionais que poidan colaborar coa organización en caso de necesidade.

Hai algún problema se utilizo como intérpretes familiares ou amizades das persoas usuarias?

A intervención de non profesionais pode facer perigar o éxito comunicativo dunha entrevista ou actuación. A persoa usuaria pódese sentir incómoda ao narrar algúns feitos ante persoas próximas da súa comunidade que, á súa vez, poden filtrar a información consonte as súas crenzas, os seus valores e os seus costumes. Ante todo cómpre evitar que nenos e nenas menores fagan de intérpretes, xa que carecen da madurez e preparación necesarias para interpretar.

Cando traballo con intérpretes sempre me queda a dúbida de se me trasladarían todo o que se me di e se me entenderían.

Calquera intérprete profesional conta coas destrezas e coa habilidade necesarias para traducir íntegra e fielmente todo o que se di. Porén, algúns aspectos que denotan que non se é profesional son: as súas intervencións son moito máis sucintas ca as orixinais; non porta bolígrafo ou bloque para tomar notas; toma as rendas da conversa, intervéen motu proprio e mantén conversas á parte con algunha das partes; as súas

intervencións son pouco fluídas e presenta continuas rectificacións e falsos comezos; a súa linguaxe non verbal denota incomodidade, nerviosismo ou dúbidas sobre o que traslada; utiliza un rexistro lingüístico moi diferente ao que cabería esperar da persoa usuaria etc.

Durante as entrevistas manexamos información e documentación moi sensibles, polo que evitamos recorrer a persoas alleas á organización para interpretar.

Calquera intérprete profesional réxese por principios deontolóxicos, entre eles o deber de manter a confidencialidade sobre todo o que interpreta ou coñece no seu traballo. Nunca está de máis lembrarllo a cada intérprete con quen traballamos e, se a situación o esixe, solicitarlle que asine unha cláusula de confidencialidade. Se traballamos con intérpretes non profesionais, cómpre darlles formación de maneira rápida sobre os principais elementos deontolóxicos, de xeito que sexan conscientes dos límites que han de guiar a súa actuación.

Por que necesito intérprete? Non sería mellor un/ha mediador/a intercultural?

Se ben ambas as actividades comparten obxectivos como garantir a comunicación, existen diferenzas en canto á maneira de o conseguiren. Na interpretación foméntase a plena autonomía comunicativa das partes e primase a imparcialidade. As/os mediadoras/es, ademais de realizaren tarefas alleas ao intercambio comunicativo (obradoiros de sensibilización cultural, mediación de conflitos), interveñen con voz propia e fan preguntas sempre que o consideran necesario para favorecer a comunicación. En interpretación, cando sexa estritamente necesario intervir, deberáselle de comunicar a ambas as partes.

Pautas para saber identificar o/s idioma/s das persoas usuarias

Se a persoa usuaria sabe ler, podes mostrarlle unha listaxe de idiomas ou de frases curtas nas linguas que intúas que pode falar, como p. ex.:



Se, pola contra, non sabe ler, podes mostrarlle un mapa para que localice o seu país ou unha listaxe de bandeiras, como p. ex.:

-  Árabe dialectal marroquí (dariya)
-  Inglés
-  Portugués
-  Quechua

Ten en conta que:

- É posible que non exista unha correspondencia exacta entre un país e un idioma. P. ex., o hindi non o fala a totalidade da poboación da India.
- Hai linguas vehiculares, como o francés e o inglés, que poida que as persoas usuarias coñezan, pero non co nivel suficiente como para comunicárense coas debidas garantías.

Comunicación efectiva a través de intérpretes no terceiro sector



MELINCO. Mediación lingüística para a cooperación ao desenvolvemento

Universidade de Vigo



XUNTA DE GALICIA



cooperación galega

AGPTI

asociación galega de profesionais da tradución e da interpretación

Esta publicación realizouse co apoio financeiro da Xunta de Galicia. O contido da devandita publicación é responsabilidade exclusiva do equipo de MELINCO e non reflicte necesariamente a opinión da Xunta de Galicia.

Cal é a función dun/ha intérprete?

Transmitir de forma precisa unha mensaxe oral ou signada dunha lingua a outra en calquera tipo de encontro comunicativo.

Que é un/ha intérprete profesional?

É unha persoa que conta coa formación ou coa capacitación necesarias para levar a cabo o seu labor de interpretación con plenas garantías. Ademais, nas súas actuacións hase de rexer por principios deontolóxicos e de boa práctica profesional.



Un/ha intérprete profesional...

- garantirá a plena confidencialidade sobre todo o tratado;
- interpretará de forma fiel e completa todo o que se manifeste no encontro;
- actuará con transparencia e de forma neutral, sen favorecer ningunha das partes;
- propiciará a comunicación directa entre as partes;
- absterase de realizar xuízos de valor;
- propiciará a comunicación intercultural;
- observará os límites profesionais e non intervirá se non conta coa debida capacitación ou preparación;
- e comunicará calquera posible conflito de intereses que puidese afectar o seu labor.

Deste xeito propiciará a plena autonomía comunicativa das partes e o éxito do encontro.

Formato da interpretación

A interpretación poderá ter lugar en dous formatos principais, en función da copresenza física de todas as partes implicadas no intercambio comunicativo.

Interpretación presencial (cara a cara):

Todas as persoas comparten o mesmo espazo físico.



Interpretación non presencial (remota):



A/o intérprete ou outra persoa intervéen desde unha localización remota. Hai dúas posibilidades:

- **Interpretación telefónica:** transmítese só audio.
- **Interpretación por videoconferencia:** transmítese audio e vídeo.

Técnicas da interpretación

En función da situación comunicativa e do formato, poderase empregar algunha das **tres técnicas básicas de interpretación** (ou unha combinación delas):

- Interpretación consecutiva:** tras unha intervención, facilítase a versión interpretada á outra lingua. No terceiro sector adóitase recorrer á consecutiva **dialogada** ou **bilateral**, mediante a que se interpretan situacións dialogadas (p. ex. entrevistas) con intervencións de extensión variable; a persoa que interpreta traballa nas dúas linguas. Tamén se poden dar situacións **monolóxicas** (p. ex. cursos de formación, reunións informativas de grupo) con intervencións máis longas, nas que se traballa cara a unha única lingua. En ambos os casos a persoa que interpreta poderá servirse de notas como apoio á súa memoria.
- Tradución á vista:** consiste en traducir oralmente un documento escrito noutra lingua (p. ex. folletos, formularios, consentimentos informados etc.).
- Interpretación simultánea:** mentres se produce unha intervención, a/o intérprete, cun mínimo desfasamento, vai reproducindo a mensaxe en tempo real na outra lingua. Pódese facer como un murmurio ou recorrendo a medios técnicos (cabinas, micrófonos, auriculares ou sistema portátil).

Recomendacións cando traballes a través de intérpretes

Antes do encontro comunicativo

Planifica con suficiente antelación as entrevistas ou actuacións con persoas estranxeiras. Investiga se van precisar interpretación e, de ser o caso, o idioma ou a variedade dialectal exacta que falan. Presta atención a aspectos como a súa orixe nacional ou o seu xénero. Seguidamente, localiza e contacta á/ao intérprete que mellor se axuste ás necesidades do encontro comunicativo.

Cando confirmes o servizo, facilítalle á/ao intérprete calquera información necesaria para se preparar: lugar exacto do encontro, participantes, obxectivos, formato (p. ex. entrevista ou curso formativo) etc. Se está previsto utilizar documentación específica (p. ex. formularios, informes técnicos ou manuais) comunícallo e, a ser posible, facilítallla previamente xunto con calquera material adicional que consideres de interese. Tamén pode ser útil concertar unha breve **reunión previa (briefing)** para tratardes estas ou outras cuestións.



Durante o encontro comunicativo

Ao comezo da sesión explícalle á persoa usuaria por que se conta con intérprete e como se vai desenvolver o encontro. A/o intérprete explicará os principios deontolóxicos básicos que han guiar a súa actuación e a maneira en que intervirá para solicitar aclaracións ou facer precisións.

É importante acordar a posición da/o intérprete respecto das demais partes para facilitar a fluidez do encontro e a comunicación directa, xa que ha de poder ver e oír sen obstáculos calquera participante. De se prever situacións de tensión, colocárase alí onde a súa integridade persoal non se vexa comprometida.



Despois do encontro comunicativo

Ao rematar a sesión é recomendable manter unha conversa ou **breve reunión (debriefing)** co/a intérprete para aclarar calquera dúbida ou verificar o seu estado anímico se se viviron momentos de tensión ou se se abordaron experiencias traumáticas ou delicadas.